

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MOAÑA****Ordenanzas e Regulamentos***PUBLICACIÓN DEFINITIVA ORDENANZAS FISCAIS***ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO
DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña na sesión do día 30 de xuño de 2016, aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de distribución de auga do Concello de Moaña.

Publicado o anuncio no BOPPO nº 135, do 15 de xullo, e no Faro de Vigo do 07/07/2016 e transcorrido o prazo de 30 días hábiles para reclamacións e suxestións, non se presentou ningunha, entendéndose definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, momento no que entrará en vigor.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO
DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA****ARTIGO 1º. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

ARTIGO 2º. TERREOS DE NATUREZA URBANA

1. Está suxeito ao incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de terreos de natureza urbana para os efectos do imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón daquel.



2. Está así mesmo suxeito para os efectos deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais para os efectos do imposto sobre bens inmobles.

ARTIGO 3º. NON SUXEIÇÃO

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do imposto sobre bens inmobles.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicación que ao seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco están suxeitos ao imposto os supostos de transmisións de bens entre cónxuxes ou a favor dos/as fillos/as, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

4. Non se devindicará o imposto nos supostos de transmisións ou achegas efectuadas a favor ou pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria S.A, ou polas entidades constituídas para cumprir co seu obxecto social aos fondos de activos bancarios, así como as que se produzan entre os ditos fondos, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 4º. EXENCIONES

1. OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación dos ditos inmobles nos cinco anos inmediatamente anteriores á devindicación do imposto. Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto regulado no artigo 10 da presente ordenanza, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un



desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ao inmovible no momento da devindicación do imposto.

Achegarán, ademais, a seguinte documentación:

- licenza municipal ou orde de execución,
- copia de autoliquidación de taxas de obra,
- copia de autoliquidación do ICIO,
- presuposto de execución material,
- certificado de final de obra.

- c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do/a debedor/a hipotecario ou garante deste, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre esta, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que a persoa debedora ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figure empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se o dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

Respecto desta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. SUBXECTIVAS

Están exentos deste imposto así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:



- a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das ditas entidades locais.
- b) O municipio de Moaña e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 20/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- e) As e os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.
- f) A Cruz Vermella Española.
- g) As persoas ou entidades a quen se teña recoñecido exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

ARTIGO 5º. SUXEITOS PASIVOS

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica ou entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constituición ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) anterior, se a persoa contribuínte é persoa física non residente en España, terá a consideración de substituta da contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

ARTIGO 6º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.



Para os efectos da determinación da base impositiva, haberá de terse en conta o valor do terreo no momento da devindicación, de acordo co previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo, e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no anexo desta ordenanza.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:

- a) Nas transmisión de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado no dito momento para os efectos do imposto sobre bens inmobles.

Non obstante, cando o dito valor sexa consecuencia dun cadro de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación do citado cadro, liquidarase provisionalmente este imposto con arranxo ao mesmo. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez que se obtivese conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxanse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas Leis de presupostos xerais do Estado. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmueble de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado o valor catastral no dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido o dito valor ao momento da devindicación.

- b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no anexo aplicarase sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas para os efectos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes do anexo aplicarase sobre a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- d) Nos supostos de expropiacións forzosas, os porcentaxes anuais contidas no anexo aplicarase sobre a parte do xusto prezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, en cuxo caso prevalecerá este último sobre o xusto prezo.



3. Establecese unha redución do 60% cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral. Neste caso, tomarse como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais a dita redución. A redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais e deberá ser solicitada polo suxeito pasivo dentro do prazo de declaración regulado no artigo 10 da presente ordenanza.

A redución prevista neste apartado non será de aplicación aos supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que aquel se refire sexan inferiores aos ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

4. Sobre o valor do terreo no momento da devindicación derivado do disposto nos apartados anteriores, aplicaranse as porcentaxes anuais fixadas para cada período no anexo da presente ordenanza.

Para determinar a porcentaxe, aplicaranse as regras seguintes:

1. O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto determinarase de acordo coa porcentaxe anual fixada no anexo para o período que comprenda o número de anos ao longo dos que se teña posto de manifesto o dito incremento.
2. A porcentaxe que hai que aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación será o resultante de multiplicar a porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ao longo dos que se teña posto de manifesto o incremento de valor.
3. Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra 1.^a e para determinar o número de anos polos que se multiplicará a dita porcentaxe anual conforme á regra 2.^a, só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de anos do dito período.

ARTIGO 7º. TIPO DE GRAVAME. COTA ÍNTEGRA E COTA LÍQUIDA DO IMPOSTO

1. O tipo de gravame do imposto será o fixado no anexo desta ordenanza.
2. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, se é o caso, as bonificacións ás que se refire o artigo seguinte desta ordenanza.



ARTIGO 8º. BONIFICACIÓNS

1. Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor das persoas descendentes e adoptadas, as e os cónxuxes e a persoas ascendentes e adoptantes.

A bonificación recollida no parágrafo anterior deberá ser solicitada polo suxeito pasivo dentro do prazo de declaración regulado no artigo 10 e aplicarase nos seguintes supostos:

- a) cando o suxeito pasivo residise de forma habitual no inmovible obxecto de transmisión cunha antigüidade mínima dun ano a computar dende a data de falecemento, e así se acredite co certificado emitido polo secretario municipal en relación cos datos que consten no Padrón municipal.
- b) cando o suxeito pasivo se atope nunha situación de emerxencia social que será acreditada polo pertinente informe emitido polos Servizos Sociais do Concello.

2. Establécese unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación por voto favorable da maioría simple dos seus membros, e se acordará tras a solicitude do suxeito pasivo formulada no prazo de declaración regulado no artigo 10 da presente ordenanza e informe favorable do departamento municipal correspondente, que impulsará a tramitación administrativa, de xeito que non se someterán a debate plenario as solicitudes que non conten coa conformidade dos servizos municipais oportunos.

ARTIGO 9º. DEVINDICACIÓN

1. O imposto devindicarase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou gratuíto, entre persoas vivas ou por causa de morte, na data da transmisión.
- b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivese lugar a nulidade, a rescisión ou a resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito a devolución do imposto satisfeito, sempre que o dito



acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que as persoas interesadas deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non procederá devolución ningunha.

3. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.

4. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva, non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo o apartado 3 anterior.

ARTIGO 10º. XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar ante o Concello ou entidade autorizada ao respecto a declaración pertinente, que conteña os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente, xunto coa documentación dos actos ou contratos que orixinan a imposición e, se é o caso, a que acredite a concorrencia das circunstancias que dan lugar ao recoñecemento dos beneficios fiscais previstos na presente ordenanza.

A declaración presentarase dentro dos seguintes prazos:

- a) Cando se trate de actos inter vivos, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano por solicitude do suxeito pasivo.

2. As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

3. Con independencia do disposto no apartado 1 deste artigo, están igualmente obrigados a comunicar ao Concello ou entidade autorizada ao respecto a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- Nos supostos contemplados no artigo 5.1 a), sempre que se teñan producido por negocio xurídico inter vivos, a persoa doadora ou a que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.



- Nos supostos contemplados no artigo 5.1 b), a persoa adquirente ou a persoa a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

4. Así mesmo, os/as notarios/as estarán obrigados/as a remitir ao Concello ou entidade autorizada ao respecto, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles/as autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade, facendo constar a referencia catastral dos bens inmoables cando aquela se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión. Tamén estarán obrigados/as a remitir, dentro do mesmo prazo, a relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas.

O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Os/as notarios/as advertirán expresamente ás persoas comparecentes nos documentos que autoricen sobre o prazo dentro do que están obrigadas as persoas interesadas a presentar declaración polo imposto e, así mesmo, sobre as responsabilidades nas que incorran pola falta de presentación de declaracións.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación na data 29 de novembro de 1991 (Boletín Oficial de Pontevedra do 28 de febreiro de 1992).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión realizada o 30 de xuño de 2016, entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

ANEXO

1º. A porcentaxe anual para os incrementos de valor xerados en períodos quinquenais será o seguinte:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre 1 e 5 anos.....2,5 %



- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 10 anos.....
.....2,2 %
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 15 anos
.....2,4 %
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 20 anos.....
.....2,5 %

2º. Para a fixación da cota, aplicarase sobre a base que resulte:

- a) Se o período de xeración do incremento do valor é de 1 a 5 anos.....
.....19 %
- b) Se o período de xeración do incremento do valor é de ata 10 anos.....
.....19%
- c) Se o período de xeración do incremento do valor é de ata 15 anos.....
.....19%
- d) Se o período de xeración do incremento do valor é de ata 20 anos.....
.....19%

Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo por un prazo de 30 días hábiles, publicándose anuncios no taboleiro de anuncios do concello, no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia, a fin de que as persoas interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que xulguen oportunas.

Terceiro.- No suposto de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose á publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto íntegro da ordenanza fiscal.

Moaña, a 7 de setembro de 2016.—A Alcaldesa, Leticia Santos Paz.

